

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000481	IES Ramón Cabanillas	Cambados	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Anatomía aplicada	1º Bac.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	20
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	24

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Anatomía Aplicada do 1º curso do Bacharelato, ten como referencia o currículo que establece a ORDE do 13 de febreiro de 2023 pola que se establece o currículo das materias optativas do bacharelato e se regula a súa oferta. Dito currículo profundiza nos coñecementos adquiridos en 3º da Educación Secundaria Obrigatoria en relación coa estrutura e funcionamento do corpo humano e a súa motricidade, destacando os hábitos saudables. Por iso, esta materia é unha oportunidade para relacionar os coñecementos adquiridos nela con ciclos formativos e graos relacionados coas ciencias da saúde e a actividade física, ou con ensinanzas artísticas superiores.

Outras normas a ter en consideración:

- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se vai implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun IES situado en Cambados, sendo un dos IES máis antigos da comarca do Salnés. Foi creado en 1971 e na actualidade imparte educación secundaria obrigatoria, bacharelato e o ciclo superior de vitivinicultura. O IES recibe fundamentalmente alumnado de

Cambados, Ribadumia e Meaño.

Estamos nunha zona que economicamente vive fundamentalmente da pesca e do marisqueo, do agro (destacando a produción vinícola) e dos servizos, sendo Cambados historicamente a capital comercial e administrativa da comarca do Salnés.

A lingua na que se imparte a materia é o galego. En relación con isto, temos en conta que estamos nunha zona maioritariamente galego-falante, aínda que no alumnado prodúcese o feito, habitual en contornos semellantes, de redución de galego-falantes nos primeiros cursos da ESO e recuperación do galego como lingua de uso habitual conforme se avanza na ESO e se chega aos cursos superiores da mesma, bacharelato e ciclo. Tamén se observan diferenzas en canto á lingua habitual de uso entre o alumnado procedente do centro da vila, que emprega maioritariamente o castelán e o procedente das parroquias ou doutros concellos, que emprega maioritariamente o galego.

Hai 3 grupos de 1º de Bacharelato, duns 30 alumnos/as, con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 16-18 anos. Do grupo de 1º de Bacharelato A, 11 alumnos/as escolleron a materia de Anatomía Aplicada como materia optativa.

4 alumnos/as cursaron a ESO noutros centros da zona. 1 alumno procede de Perú e cursou dúas veces 4º ESO, pero só unha parte do curso en ambas as ocasións, e o ano pasado non cursou a materia de Bioloxía e Xeoloxía. E outra alumna acaba de chegar de Brasil.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar e transmitir información e datos científicos argumentando sobre eles con precisión e utilizando diferentes formatos para analizar conceptos, procesos, métodos, experimentos ou resultados relacionados coa anatomía humana.	1-2	1	4	2-3	40			
OBX2 - Localizar e utilizar fontes fiables identificando, seleccionando e organizando a información, avaliándoa criticamente, e contrastando a súa veracidade para resolver preguntas relacionadas coa anatomía humana.	2-3	1	4	1-2-4	40	1		2
OBX3 - Analizar traballos de investigación ou divulgación relacionados coa anatomía humana comprobando con sentido crítico a súa veracidade e/ou se seguen correctamente os pasos do método científico para avaliar a fiabilidade das súas conclusións.	5	1	2-3-4	1-2	40	2-3	1	
OBX4 - Expor e resolver problemas e cuestións buscando e utilizando as estratexias adecuadas, analizando criticamente as solucións e reformulando o procedemento se fose necesario, para explicar fenómenos relacionados coa anatomía humana.	2		1-2	1-5	50		1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Analizar criticamente os efectos de determinadas accións sobre a saúde baseándose nos fundamentos da anatomía humana para promover e adoptar hábitos que permitan manter e mellorar a saúde individual e colectiva.	2		2-5	4	20	3-4	1	
OBX6 - Analizar os elementos anatómicos humanos utilizando fundamentos científicos para explicar a súa fisioloxía e relacionar esta coas actividades físicas e artísticas.	1-2	1	2-4	1	20-50		1	2-31-32

### Descrición:

#### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O traballo nas ciencias	Traballaranse os pasos do método científico, a busca de información fidedigna, o uso correcto da linguaxe científica e poranse en valor as contribucións dos científicos aos avances na sociedade.	10	8	X	X	X
2	A organización do corpo humano	Estudaranse a terminoloxía básica da anatomía humana, os niveis de organización do corpo humano e as súas funcións vitais, así como os canons de beleza ao longo da historia.	15	22	X		
3	O aparello locomotor, o movemento e a expresión e comunicación corporal	Estudaranse a anatomía, fisioloxía, patoloxías asociadas e hábitos saudables dos sistemas óseo e muscular, así como os conceptos relacionados co movemento, as súas características, biomecánica, o seu papel como ferramenta artístico-expresiva e as formas de expresión corporal e o seu papel na comunicación.	15	22	X		
4	Os sistemas de coordinación e de regulación	Estudaranse a anatomía, fisioloxía, patoloxías asociadas e hábitos saudables dos sistemas nervioso e endócrino.	15	22		X	
5	O aparello dixestivo e o metabolismo	Estudaranse a anatomía e fisioloxía do aparello dixestivo, a diferenza entre alimentación e nutrición, os diferentes tipos de dietas e a súa relación coa saúde, así como as principais vías metabólicas e a súa relación coa obtención de enerxía e o exercicio físico.	15	22		X	
6	O aparello circulatorio e o	Estudaranse a anatomía, fisioloxía,	15	22			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	respiratorio	patoloxías asociadas e hábitos saudables dos aparellos circulatorio, respiratorio e fonador.	15	22			X
7	O aparello uroxenal	Estudaranse a anatomía, fisioloxía, patoloxías asociadas e hábitos saudables dos aparellos excretor e reprodutor.	15	22			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O traballo nas ciencias	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas.	Recoñecer e aplicar os pasos do método científico.	TI	100
CA1.2 - Elaborar proxectos utilizando as estratexias adecuadas tanto no seu procedemento de traballo como na comunicación de procesos e resultados.	Comunicar coa terminoloxía axeitada os proxectos desenvolto.		
CA1.3 - Utilizar de forma segura e respectuosa co medio natural os espazos e recursos de aprendizaxe científico.	Utilizar de forma segura e respectuosa co medio natural os espazos e recursos.		
CA1.4 - Valorar a ciencia recoñecendo a actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e a súa contribución ao avance da sociedade humana en diferentes ámbitos, así como tamén o papel da muller nela.	Recoñecer contribucións de científicos e científicas ao avance da sociedade humana.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Metodoloxía científica de traballo na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas.</li> <li>- Estratexias para a elaboración de proxectos e de comunicación no proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Formulación de hipóteses e preguntas.</li> <li>- Procura, recoñecemento e utilización de fontes fiables de información.</li> <li>- Comunicación de procesos e resultados con vocabulario científico a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe e outros).</li> <li>- Linguaxe científico: interpretación, produción e comunicación eficaz de información de carácter científico no contexto académico en diferentes formatos.</li> <li>- Espazos e recursos de aprendizaxe científico (como o laboratorio e os espazos virtuais): utilización adecuada, que asegure a conservación da saúde propia e a comunitaria, a seguridade e o respecto ao medio ambiente.</li> </ul>

### Contidos

- Valoración da ciencia e da actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e recoñecemento da súa contribución aos distintos ámbitos do saber humano e no avance e a mellora da sociedade. O papel da muller.

UD	Título da UD	Duración
2	A organización do corpo humano	22

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar e localizar os termos básicos da anatomía humana utilizando diagramas e modelos.	Identificar e localizar os termos básicos da anatomía humana.	PE	89
CA2.2 - escribir a organización xeral do corpo humano a través da localización dos diferentes tecidos, órganos, aparellos e sistemas, e a identificación das súas funcións.	Localizar os diferentes tecidos, órganos, aparellos e sistemas e identificar as súas funcións.		
CA2.3 - Interpretar e comprender a evolución dos canons de beleza ao longo da historia e a súa influencia na sociedade.	Comprender que é un canon de beleza e recoñecer os exemplos máis destacables.	TI	11

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

### Contidos

- Terminoloxía básica da anatomía humana.
- Planos e cortes anatómicos. Posición e dirección.
- Rexións e cavidades do corpo humano.
- Niveis de organización do corpo humano.
- As células
- Os tecidos.
- Os órganos, aparellos e sistemas.
- Funcións vitais.
- Os canons de beleza ao longo da historia.

UD	Título da UD	Duración
3	O aparello locomotor, o movemento e a expresión e comunicación corporal	22

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA7.1 - Localizar e diferenciar os compoñentes do aparello locomotor empregando diagramas e modelos.	Localizar os compoñentes do aparello locomotor.	PE	89
CA7.2 - Explicar a fisioloxía do aparello locomotor a través da función de músculos, ósos e articulacións.	Explicar a función de músculos, ósos e articulacións.		
CA7.3 - Identificar as principais enfermidades e lesións do aparello locomotor recoñecendo e valorando os hábitos e costumes saudables, tanto na vida cotiá como na práctica de actividade física.	Dar algún exemplo de enfermidade ou lesión do aparello locomotor, así como de hábitos saudables.		
CA7.4 - Comprender a biomecánica humana relacionándoa coas súas aplicacións.	Dar exemplos de aplicacións da biomecánica humana.		
CA7.5 - Describir as características da execución das accións motoras empregando os termos e elementos do movemento e relacionándoa coa finalidade expresiva das actividades artísticas.	Describir as características da execución das accións motoras empregando os termos apropiados.		
CA8.1 - Recoñecer as características principais da motricidade humana poñendo de manifesto o seu papel no desenvolvemento persoal e social.	Recoñecer o papel da motricidade humana no desenvolvemento persoal e social.	TI	11
CA8.2 - Comunicarse corporalmente adquirindo a conciencia do corpo e do espazo a través do movemento, da utilización de elementos rítmicos, obxectos e con focos expresivos.	Adquirir conciencia de como nos comunicamos corporalmente.		
CA8.3 - Identificar as diferentes formas de expresión corporal recoñecendo a capacidade do corpo para manifestarse cunha linguaxe propia como fonte de desenvolvemento creativo.	Identificar formas de expresión corporal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aparello locomotor. Os músculos, os ósos e as articulacións.</li> <li>- Anatomía e fisioloxía.</li> <li>- Enfermidades e lesións do aparello locomotor.</li> <li>- Hábitos e costumes saudables. A hixiene postural.</li> <li>- Importancia do quecemento e da recuperación na práctica de actividade física</li> <li>- O movemento.</li> <li>- Termos e elementos do movemento.</li> <li>- Características da execución das accións motoras.</li> <li>- Biomecánica humana e as súas aplicacións.</li> <li>- O movemento como ferramenta artístico-expresiva.</li> <li>- Características da motricidade humana. Achegas das actividades físicas e artísticas no desenvolvemento persoal e da sociedade.</li> </ul>



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Toma de conciencia do corpo e do espazo. Movemento e elementos rítmicos. Focos expresivos do corpo.</li> <li>- Formas de expresión corporal e fontes de desenvolvemento creativo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Os sistemas de coordinación e de regulación	22

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.1 - Valorar os sistemas nervioso e endócrino como responsables da coordinación e regulación xeral do organismo recoñecendo as características xerais de cada un deles.	Recoñecer as características principais do sistema nervioso e do endócrino.	PE	89
CA6.2 - Describir a anatomía e función das partes dos órganos sensoriais, dos compoñentes do sistema nervioso e das glándulas do sistema endócrino empregando diferentes soportes e recursos.	Describir a anatomía e función das partes dos órganos sensoriais, dos compoñentes do sistema nervioso e das glándulas do sistema endócrino.		
CA6.3 - Diferenciar os movementos reflexos e voluntarios relacionándoos cos órganos implicados en cada un utilizando esquemas ou debuxos.	Diferenciar os movementos reflexos e voluntarios.		
CA6.4 - Diferenciar as funcións de cada glándula endócrina localizando cada unha delas e empregando diferentes soportes e recursos.	Explicar as funcións de cada glándula endócrina.		
CA6.5 - Analizar as enfermidades máis comúns dos sistemas nervioso e endócrino relacionándoas coas súas causas, síntomas e tratamentos e recoñecendo os efectos das drogas sobre o sistema nervioso así como a súa prevención.	Dar algún exemplo de enfermidades dos sistemas nervioso e endócrino e recoñecer e prever os efectos daniños das drogas.		
CA6.6 - Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados co sistemas nervioso e endócrino localizando, seleccionado e organizando a información.	Recoñecer e poñer en práctica hábitos saudables en relación co sistema nervioso e endócrino.	TI	11

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O sistema nervioso.</li> <li>- Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía.</li> <li>- Os órganos sensoriais. Anatomía e fisioloxía.</li> <li>- Movementos reflexos e voluntarios.</li> <li>- Enfermidades e hábitos saudables.</li> <li>- Drogas legais e ilegais. Prevención e efectos sobre a saúde.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O sistema endócrino.</li> <li>- Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía.</li> <li>- A función hormonal.</li> <li>- Enfermidades e hábitos saudables.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	O aparello dixestivo e o metabolismo	22

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer os procesos de dixestión e absorción de alimentos e nutrientes explicando as estruturas orgánicas implicadas en cada un.	Describir a dixestión dos alimentos e a absorción dos nutrientes.	PE	89
CA3.4 - Identificar os trastornos alimenticios máis comúns e os efectos que teñen sobre a saúde, analizando os factores sociais que conducen á aparición dos mesmos.	Dar exemplos de trastornos alimenticios , analizando factores sociais desencadeantes e consecuencias que teñen sobre a saúde.		
CA3.5 - Identificar e diferenciar os procesos que comprende o metabolismo aeróbico e anaeróbico establecendo os mecanismos enerxéticos que interveñen na acción motora, co fin de xestionar a enerxía e mellorar a eficiencia da acción.	Diferenciar os procesos metabólicos aerobios e anaerobios e relacionalos coa eficiencia da acción motora.		
CA3.2 - Reflexionar sobre a importancia da alimentación e da nutrición para o bo funcionamento do organismo recoñecendo as súas diferenzas e funcións básicas.	Diferenciar entre alimentación e nutrición e reflexionar sobre a súa importancia para o bo funcionamento do organismo.	TI	11
CA3.3 - Valorar os hábitos nutricionais que inciden favorablemente na saúde relacionando os tipos de dietas co balance enerxético establecido segundo as actividades realizadas.	Recoñecer hábitos nutricionais e dietas saudables.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O aparello dixestivo.</li> <li>- Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía.</li> <li>- Alimentación e nutrición. Tipos de nutrientes e de alimentos.</li> <li>- Dieta equilibrada e a súa relación coa saúde. Balance enerxético.</li> <li>- Pautas saudables de alimentación en función da actividade realizada.</li> <li>- Trastornos do comportamento nutricional: dietas restritivas, anorexia e bulimia.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Factores sociais e derivados da propia actividade física e artística que conducen á aparición de distintos tipos de trastorno do comportamento nutricional.</li> <li>- Metabolismo humano.</li> <li>- Principais vías metabólicas de obtención de enerxía. Metabolismo aeróbico e anaeróbico.</li> <li>- Metabolismo enerxético e actividade física.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	O aparello circulatorio e o respiratorio	22

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Recoñecer as características xerais dos aparellos circulatorio, respiratorio e fonador e describir a anatomía e función dos distintos órganos que conforman ditos aparellos empregando diferentes soportes e recursos.	describir a anatomía e función dos distintos órganos que conforman os aparellos circulatorio, respiratorio e fonador.	PE	89
CA4.2 - Explicar o percorrido do sangue na circulación maior e menor identificando as estruturas implicadas en imaxes en diferentes formatos, e valorando os parámetros de saúde cardiovascular.	Explicar o percorrido do sangue na circulación maior e menor identificando as estruturas implicadas.		
CA4.3 - Explicar os movementos respiratorios de inspiración e expiración distinguindo os órganos e estruturas implicadas.	Explicar os movementos respiratorios de inspiración e expiración distinguindo os órganos e estruturas implicadas.		
CA4.4 - Analizar as enfermidades máis comúns dos aparellos circulatorio, respiratorio e fonador relacionándoas coas súas causas, síntomas e tratamentos.	Dar exemplos de enfermidades asociadas aos aparellos circulatorio, respiratorio e fonador.		
CA4.5 - Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados cos aparellos circulatorio, respiratorio e fonador localizando, seleccionando e organizando a información.	Identificar hábitos saudables relacionados cos aparellos circulatorio, respiratorio e fonador.	TI	11

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O aparello circulatorio.</li> <li>- Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía.</li> <li>- A circulación.</li> <li>- Parámetros de saúde cardiovascular.</li> <li>- Enfermidades e hábitos saudables.</li> <li>- O aparello respiratorio.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía.</li> <li>- O proceso respiratorio.</li> <li>- Coordinación da respiración co movemento corporal e a súa intensidade.</li> <li>- Enfermidades e hábitos saudables.</li> <li>- O aparello fonador.</li> <li>- Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía.</li> <li>- Enfermidades e hábitos saudables.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	O aparello uroxenital	22

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.1 - Describir a anatomía e identificar a función das distintas partes do aparello excretor e reprodutor empregando diferentes soportes e recursos.	Identificar as partes dos aparellos excretor e reprodutor e as súas funcións.	PE	89
CA5.2 - Analizar as enfermidades máis comúns dos aparellos excretor e reprodutor relacionándoas coas súas causas, síntomas e tratamentos.	Dar exemplos de enfermidades dos aparellos excretor e reprodutor.		
CA5.3 - Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados co aparello excretor e reprodutor localizando, seleccionado e organizando a información.	Identificar hábitos saudables relacionados cos aparellos excretor e reprodutor.	TI	11

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O aparello excretor.</li> <li>- Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía.</li> <li>- Enfermidades e hábitos saudables.</li> <li>- O aparello reprodutor.</li> <li>- Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía.</li> <li>- Enfermidades e hábitos saudables.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía adecuada para desenvolver esta materia é aquela que potencia a capacidade do alumnado para a autoaprendizaxe e para que chegue a comprender a conexión entre os coñecementos teóricos e as súas aplicacións prácticas.

Estratexias metodolóxicas:

- Crear na aula un clima que favoreza as aprendizaxes significativas, que desenvolva o interese pola materia e os seus estudos posteriores e que permita a interacción e o intercambio na aula.
- Facilitar a construción de aprendizaxes cooperativas que propicien o cambio conceptual, metodolóxico e actitudinal.
- Dotar ao alumnado de ferramentas que lle permitan iniciarse nos métodos de investigación.

- Levar o traballo da aula á vida cotiá mediante comentario de novas de actualidade.

Os principios psicopedagóxicos que se aplicarán para levar adiante todo o devandito implican unha concepción construtivista do proceso de ensino-aprendizaxe e son os seguintes:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado, referíndose ao período evolutivo en que se atopa e ás súas capacidades e intereses.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas conectándoos cos coñecementos previos e asegurando a funcionalidade do aprendido.
- Posibilitar ao alumnado a adquisición de autonomía e iniciativa persoal e a capacidade de aprender por si mesmo.
- Modificar os esquemas de coñecemento enfrontando ao alumnado con contradicións internas que debe resolver.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que resulten motivadoras pola súa significatividade e funcionalidade.
- A aprendizaxe realizárase dun modo activo por parte do alumnado.
- A metodoloxía favorecerá a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados en investigación.
- Ensinaráselles a manexar documentación para recoller información, a debater, contrastar e valorar as diferentes hipóteses e teorías. Reflectirase nos contidos que a ciencia é unha actividade sometida a continua revisión e contribuirase á formación de persoas informadas e con capacidade crítica á hora de valorar as diferentes informacións e decidir ao respecto.

As características psicoevolutivas do alumnado (etapa do pensamento formal), asumidas na nosa programación, porán o acento nas seguintes cuestións metodolóxicas:

- Promover a construción de estratexias de aprendizaxe autónoma (ferramentas de traballo, formas de comunicación e planificación-avaliación de tarefas a curto e longo prazo), que gradualmente se convertan en estratexias de traballo persoal que será fundamental para a superación das probas de acceso a outros estudos e para a preparación e integración activa do alumnado en tramos superiores e na vida laboral.

- A necesidade de que o alumnado sexa cada vez máis autónomo na construción dos seus propios coñecementos, o que os facultará para poder acceder a novos coñecementos e a desenvolver a súa capacidade crítica.
- A importancia do traballo en equipo que non é senón a translación á aula do aspecto social e colectivo do traballo científico.
- Finalmente, a aplicación e transferencia do aprendido á vida real contén en si mesma un xerme facilitador posto que a aprendizaxe faise máis funcional e instrumental, non se constrúe "no aire" senón que ten relevancia e significatividade na forma en que nos manifestamos e desenvolvemos como persoas inmersas nunha sociedade complexa.

#### \* TIPOS DE ACTIVIDADES

Realizaranse actividades diversas de acordo coa seguinte secuencia didáctica:

- Actividades de iniciación: necesarias para coñecer as ideas previas do alumnado sobre os contidos que se van tratar con posterioridade; para que os alumnos e alumnas recorden coñecementos e comprobem que estes deben ser ampliados e transformados e para dispoñelos favorablemente para a aprendizaxe.
- Actividades de desenvolvemento e estruturación: serven para que o alumnado tome contacto, poña en práctica e asimile os contidos, compare os coñecementos anteriores cos novos e para que incorpore os novos contidos á súa experiencia persoal.
- Actividades de ampliación e afondamento: necesarias para que os estudantes amplíen e apliquen os coñecementos adquiridos a novas situacións e contextos.
- Actividades de consolidación e síntese: para dar solidez e firmeza ao aprendido.
- Actividades de reforzo: para aqueles estudantes que non progresan adecuadamente.
- Actividades específicas de avaliación, que serven para comprobar o grao de aprendizaxe logrado polo alumnado para detectar erros, inexactitudes e dificultades nos coñecementos adquiridos e para reforzar aprendizaxes.

#### \* DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES

O fío condutor que se seguirá á hora de desenvolver as distintas unidades didácticas será o seguinte:

- a) Introducción á unidade didáctica.
- b) Análise dos coñecementos previos do alumnado.
- c) Exposición de contidos e desenvolvemento da unidade.
- d) Realización de tarefas, corrección das mesmas e resolución de dúbidas.
- e) Resumo e síntese dos contidos da unidade.

#### \* TIPOS DE AGRUPAMENTOS

As formas de agrupamento que se utilizarán, divídense en dous tipos:

- Gran grupo.
- Traballo individual.

#### \* USO DE ESPAZOS

Usarase principalmente o laboratorio, tanto como aula de referencia como para a realización de prácticas, se a dispoñibilidade do mesmo o permite.

E puntualmente, tamén se poderá facer uso da biblioteca e dos espazos ao aire libre da

contorna do edificio.

#### \* CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS

Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta da lectura voluntaria de distintos libros relacionados coa materia, así como coa lectura de artigos xornalísticos e textos do libro do alumnado.

Así mesmo, contribuírase ao Plan TICs coa proxección de vídeos, clases expositivas empregando presentacións dixitais, buscas de información en internet, realización de tarefas puntuais colgadas na aula virtual.

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
O libro de texto non é de uso obrigatorio, pero recomendaráselles: Anatomía Aplicada. Vicens Vivens. 978-84-682-9938-9. Edición 2023. Versión en galego.
Presentacións de Power Point, resumos, esquemas, mapas conceptuais...
Dotación da aula (encerado tradicional ou de vileda, pupitres...).
Material informático: conexión a internet, PC ou portátil, canón, software...
Material audiovisual: fotografías, animacións, vídeos curtos de youtube ou outras fontes, películas...
Caderno do alumnado.
Portfolio.
Material de laboratorio (maquetas de órganos e aparellos do corpo humano, material de disección, microscopios, preparacións de tecidos).

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nun laboratorio convenientemente equipado cun encerado dixital e outro de vileda, dispoñendo o alumnado de mesados para desenvolver as súas tarefas.

No que se refire ás ferramentas que centrarán o traballo do alumnado na aula, as principais serán o libro de texto recomendado polo Departamento de Bioloxía e Xeoloxía do centro e o caderno. A aula virtual usarase para colgar enlaces de interese (vídeos, animacións, publicacións...), avisos, tarefas, actividades de repaso, contribuíndo así ao Plan TIC.

No portfolio o alumnado gardará e clasificará non só todos aqueles documentos impresos que lle sexan entregados ao longo do curso, senón tamén os xerados por eles mesmos. Entre os recursos impresos mencionados destacan as noticias científicas, os protocolos de prácticas as fichas de actividades de consolidación e as actividades de

refuerzo e de ampliación específicas para cada alumno/a.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias e contidos básicos. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como os seus coñecementos en relación cos contidos da materia así como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo.

Dita avaliación poderá consistir:

- nunha proba escrita ou tarefas variadas sobre contidos e competencias
- ou en preguntas orais realizadas ao longo das primeiras sesións.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	0	89	89	89	89	89	89	<b>80</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	11	11	11	11	11	11	<b>20</b>

**Criterios de cualificación:**

No caso de que non se chegue a impartir algunha UD, o seu peso repartirase entre as UD impartidas no trimestre correspondente ao da UD non impartida.

A lo menos, realizarase 1 proba escrita por avaliación. En cada unha das tres avaliacións, realizarase unha media aritmética das notas das probas escritas. Esta media, representará o 80% da nota da avaliación.

Nas probas valorarase a presentación, caligrafía e ortografía, como parte da avaliación da competencia en comunicación lingüística (CCL1) e da competencia plurilingüe (CP1) nesta materia. Cada falta de ortografía diferente e cada elemento de mala presentación reiterada ao longo da proba restará 0,05 puntos. Como máximo restarase o 10% da nota máxima da proba.

No caso de que nos atopemos nunha situación de semipresencialidade, valoraranse as seguintes opcións:

A. Buscarase unha data na que o alumnado poda realizar a proba no mesmo horario, ben de modo presencial ou ben mediante un cuestionario realizado na aula virtual.

B. A proba realizarase presencialmente nas datas que sexan necesarias e o máis próximas posibles entre si, asegurándose de que todo o alumnado ten asignado un



deses días para a asistencia á aula segundo a organización do horario semipresencial. No caso dunha situación de clases non presenciais, as probas substituiranse por cuestionarios realizados na aula virtual ou, en casos xustificados, por un traballo ou boletín de actividades que entregarán tamén a través da aula virtual.

Artellaranse outras medidas para aquel alumnado con imposibilidade de conexión a internet segundo as particularidades de cada caso co fin de cumprir co principio de igualdade que caracteriza á educación.

No caso de que un/ha alumno/a non asista a algunha proba presencial ao longo do curso obterá unha nota de cero puntos na mesma, salvo que dita falta estea xustificada documentalmente. No caso de xustificar correctamente a falta de asistencia, faráselle unha proba sobre os mesmos contidos ao seguinte día que asista e que teñamos clase, salvo que as causas da falta sexan o suficientemente graves, en cuxo caso o/a profesor/a fixará unha nova data adaptada á situación excepcional.

No caso de que un/ha alumno/a non realice na data e hora programadas os cuestionarios programados ao longo do curso na aula virtual, obterá unha nota de cero puntos nesa proba, salvo que dita falta estea xustificada documentalmente. En dito caso, faráselle unha proba do mesmo tipo e sobre os mesmos contidos o antes posible, dependendo das razóns polas que non se fixo a proba na data e hora previstas. Se a situación o permitise, tamén se podería valorar a realización desta proba de xeito presencial.

O outro 20% da nota da avaliación vén definido polas táboas de indicadores asociadas a distintos procedementos de avaliación ao longo de todas as unidades:

. **Procedemento de avaliación: Traballo diario; Táboa de indicadores:** Táboa de control de realización de tarefas, toma de notas na libreta e outras actividades que se vaian realizando no día a día; Porcentaxe da nota da avaliación: 10%.

. **Procedemento de avaliación: Traballo sobre noticias científicas (2 por trimestre); Táboa de indicadores:** Lista de cotexo do cumprimento dos puntos do traballo; Porcentaxe da nota da avaliación: 5%.

. **Procedemento de avaliación: Prácticas de laboratorio; Táboa de indicadores:** Lista de cotexo do cumprimento dos puntos da práctica e da súa comprensión; Porcentaxe da nota da avaliación: 5%.

#### TRABALLO DIARIO

O profesorado presentará diversas tarefas asociadas cos criterios de avaliación ao longo do curso. O prazo para a súa realización terá en conta a dificultade e as horas de traballo empregadas en dita tarefa. As mesmas posibilitarán avaliar ese traballo persoal

en varios aspectos, como control da realización das tarefas na aula ou na casa, sexan orais ou escritas (sen copias doutros), revisión da presentación, contidos, caligrafía, ortografía...

No caso de que nos atopemos nunha situación de semipresencialidade ou non presencial, o profesorado tomará nota da realización das tarefas a través da aula virtual, preferentemente; aínda que queda aberta a posibilidade de entregas por outros medios que permitan a atención ás necesidades específicas de determinado alumnado. Valorarase de igual modo a presentación, contidos, expresión, ortografía...

A non entrega en tempo de traballos de clase, tarefas, caderno... será cualificada como 0 de cara aos cálculos da nota. Só, se existe unha causa debidamente xustificada, se poderá marcar unha data de entrega posterior.

En caso de que as tarefas non se podan realizar por calquera circunstancia sobrevida, a correspondente porcentaxe terase en conta nas probas escritas.

### TRABALLO SOBRE NOTICIAS CIENTÍFICAS

Ao longo de cada trimestre, de forma individual, buscarán nos periódicos ou noutro tipo de publicacións 2 noticias de actualidade que teñan relación con algún dos contidos da materia xa impartidos ou por impartir. Tras a súa lectura cubrirán unha ficha cos aspectos máis relevantes e, posteriormente, na clase, compartirán co resto do alumnado esa información.

Nas situacións de semipresencialidade e non presencialidade, dita ficha entregarase en formato pdf, a través da aula virtual preferentemente, aínda que queda aberta a posibilidade de entregas por outros medios que permitan a atención ás necesidades específicas de determinado alumnado.

Deste modo traballarán competencias clave, destacando a competencia en comunicación lingüística, a plurilingüe, a matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría, ademais de contribuír ao Plan Lector do centro. Todo isto, contribuíndo aos contidos incluídos na UD 1.

A avaliación levarase a cabo coa lista de cotexo sobre o cumprimento dos puntos de traballo, asociada á propia ficha que teñen que cubrir e entregar.

En caso de que estes traballos non se podan realizar por calquera circunstancia sobrevida, a correspondente porcentaxe terase en conta nas prácticas de laboratorio ou, no seu defecto, nas probas escritas.

### PRÁCTICAS DE LABORATORIO

Sempre que as circunstancias o permitan, o alumnado fará unha ou máis prácticas de laboratorio por trimestre, mediante as cales porán en práctica a metodoloxía do traballo científico, incluído na UD 1.

En relación coa mesma, responderán a unha serie de cuestións nunha ficha que será entregada ao profesorado para a súa avaliación. En situacións de semipresencialidade e non presencialidade, a ficha poderase entregar en formato pdf a través da aula virtual, aínda que queda aberta a posibilidade de entregas por outros medios que permitan a atención ás necesidades específicas de determinado alumnado.

A avaliación levarase a cabo coa lista de cotexo sobre o cumprimento dos puntos da práctica e da súa comprensión, asociada á propia ficha que teñen que cubrir e entregar.

En caso de non facerse nalgunha avaliación, a porcentaxe da nota correspondente a este apartado pasará a formar parte do traballo sobre noticias científicas ou, no seu defecto, das probas escritas.

En resumo, os pesos para o cálculo da nota final en cada avaliación estarán representados por:

80% probas escritas.

20% táboas de indicadores.

En cada avaliación, tras sumar as cualificacións ponderadas dos puntos anteriores, aplicarase o truncamento independentemente da cifra decimal. Para aprobar a avaliación deberán acadar un mínimo de 5 puntos (sobre 10).

A nota da avaliación final ordinaria será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións, tendo en conta as notas con decimais. Ao resultado da media, aplicarase o redondeo, segundo a norma matemática; salvo que o seguimento e rendemento do alumnado nas sesións de clase (reflexado no “Traballo Diario”, “Traballo sobre noticias científicas” e “Prácticas de Laboratorio”) sexa baixo, en cuxo caso, aplicarase o truncamento independentemente da cifra decimal. Para poder aprobar deberá obter un mínimo de 5 puntos sobre 10.

#### ANOTACIÓNS XERAIS

O alumnado que copie, altere, ou extravíe unha proba escrita (presencial ou virtual) terá que realizar unha proba semellante, de ser posible ese mesmo día, ou nunha data fixada polo profesorado, para poder obter unha cualificación nesa parte.

O alumnado que copie, altere, extravíe un traballo, unha tarefa, ou que faga uso de material fraudulento para a súa realización, ou utilice calquera medio para alterar ou condicionar as tarefas e cuestionarios feitos a través da aula virtual será cualificado cun cero nesa parte da materia.

O alumnado debe sinalar o antes posible as dificultades de conectividade. Isto permitirá, na situación de ensinanza semipresencial ou non presencial, por un lado, establecer outros mecanismos para poder realizar igualitaria e adecuadamente a avaliación e, por outro lado, modificar a organización académica das actividades plantexadas. No caso de que, en dita situación, dito alumnado non estableza comunicación, enténdese que opta por conservar a cualificación que resulta do traballado ata ese momento.

#### **Criterios de recuperación:**

O alumnado que non superase algunha avaliación terá dereito á correspondente recuperación ao inicio da avaliación seguinte, salvo a 3ª av., cuxa recuperación coincidirá coa recuperación final de curso, na que tamén poderán recuperarse avaliacións aínda sen superar.

As probas de recuperación de avaliacións parciais, así como a de recuperación de final de curso, serán informadas e publicitadas en clase con tempo suficiente para preparalas.

A recuperación consistirá nunha proba escrita, puntuada sobre 10, que incluírá todos os contidos correspondentes ao período da avaliación ou avaliacións a recuperar e que

corresponderá ao 100% da nota da recuperación. Para recuperar o/os trimestre/s deberán obter unha nota maior ou igual a 5 sobre 10.

Recuperación na avaliación extraordinaria:

O alumnado que ao remate do período ordinario non supere a materia poderá facer unha proba escrita extraordinaria nas datas fixadas pola Xefatura de Estudos. A proba extraordinaria será unha proba global similar á proba de final de curso.

O 100% da cualificación nesta convocatoria final extraordinaria será o resultado de dita proba escrita. Ao resultado da proba, aplicarase o redondeo, segundo a norma matemática; salvo que o seguimento e rendemento do alumnado nas sesións de clase (reflexado no “Traballo Diario”, “Traballo sobre noticias científicas” e “Prácticas de Laboratorio”) sexa baixo, en cuxo caso, aplicarase o truncamento independentemente da cifra decimal. Para poder aprobar deberáse obter un mínimo de 5 puntos sobre 10.

ANOTACIÓNS XERAIS:

En todas as probas de recuperación valorarase a presentación, caligrafía e ortografía do mesmo xeito que nas probas escritas realizadas ao longo do curso.

A realización destas probas seguirá os mesmos principios que os explicados no aptdo. de criterios de cualificación, nas diferentes situacións que se poden dar en canto ao tipo de docencia, a non realización das probas ou o feito de copiar, alterar ou extravialas.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Ao non terse impartido esta materia en anos anteriores, non hai alumnado de 2º de bacharelato que a presente como materia pendente.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

No Bacharelato, etapa na que as diferenzas persoais en capacidades específicas e intereses do alumnado están a miúdo bastante definidas, a organización da ensinanza permite que as alumnas e os alumnos resolvan esta diversidade mediante a elección de modalidades e optativas. Nembargantes, a diversidade do alumnado en intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe fai preciso adoptar medidas para afrontar as mesmas.

Para obter información sobre dita diversidade usaranse diversos medios:

- Observación durante as primeiras semanas de curso (clima da aula, nivel de disciplina, relación dentro do grupo-clase, atención...)
- Resultado da avaliación inicial tanto a nivel individual como colectivo, detectando as fortalezas e as deficiencias en canto ao desenvolvemento dos contidos curriculares e en canto aos aspectos competenciais.
- Información aportada polo titor ou titora de cada grupo-clase e polo resto de profesorado que imparte no mesmo, nas sesións de avaliación ademais de ao longo do curso.
- Información e indicacións do Departamento de Orientación ao respecto de necesidades concretas dalgún/ha alumno/a.

Unha vez teñamos a información deberemos organizar o noso traballo procedendo ás

adaptacións que se precisen da Programación para atender tanto ás necesidades do grupo-clase (organización, desempeños competenciais prioritarios...), como ás individuais (necesidades específicas diagnosticadas ou que precisen seguimento por estar en proceso de diagnose...).

Así, o tratamento da diversidade nesta materia realizarase principalmente por dúas vías:

1- Na programación dos contidos, presentándoos dende dúas fases: a información xeral e básica, traballada mediante esquemas, resumos, cadros, etc; e a información máis detallada, traballada cos textos do libro, noticias de actualidade, enlaces a páxinas divulgativas, etc.

2.- Na programación das actividades, con variedade e abundancia de actividades con distinto nivel de dificultade, que permitan adaptarse ás diversas capacidades, intereses e motivacións.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X

#### Observacións:

Os elementos transversais traballaranse do seguinte modo:

- A comprensión e expresión oral e escrita (ET.1 e ET.2): mediante lecturas (de artigos ou fragmentos de libros de divulgación científica e de ciencia-ficción), elaboración de textos propios na realización das tarefas, intervención na aula para expresar argumentos, opinións ou coñecementos (empregando a terminoloxía adecuada e encadeando as ideas de forma lóxica e precisa).
  - A actitude emprendedora (ET.5): mediante o fomento da iniciativa e autonomía para solucionar problemas, buscar información e organizar o seu traballo nas prácticas de laboratorio.
  - O fomento emocional e en valores (ET.7): mediante a implicación do alumnado en diálogos e debates, escoitando aos compañeiros e respectando as quendas de palabra, expoñendo os propios puntos de vista empregando argumentos ou sinalando feitos e evidencias que os sustentan. Tamén colaborando e asumindo responsabilidades, tratando con respecto o material e instalacións e valorando o traballo do persoal docente e non docente. Actuando de forma respectuosa co medio ambiente (mantendo a limpeza da aula, utilizando racionalmente os recursos, etc.).
  - O desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres (ET.8): coa celebración do Día da Muller e da Nena na Ciencia o 11 de febreiro, por exemplo, revisando efemérides ao longo do curso, co uso do calendario científico publicado polo Ministerio de Ciencia e Innovación e o FECYT; ou coa asistencia a algunha charla celebrada con motivo dese día.
  - A competencia dixital, o fomento do espírito crítico e científico, a creatividade e a comunicación audiovisual (ET.4, ET.6, ET.9, ET.3): familiarizándose coa procura responsable de información en Internet na realización de certas tarefas propias das UD ou do traballo sobre noticias científicas relacionadas cos contidos da materia.
- Por outra parte, desde as diferentes materias procurarase participar nos proxectos ou actividades que dende Dirección se programen.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas ofertadas pola USC dentro do programa ¿A Ponte entre o Ensino Medio e a USC?	Conferencias presenciais ou videoconferencias sobre temas directamente relacionados cos contidos da materia.		X	
Visita a un centro de investigación galego	Visita a laboratorios de investigación, para achegarse a como se traballa neles e coñecer as súas liñas de traballo.		X	

### Observacións:

O alumnado de Anatomía Aplicada de 1º de Bacharelato que forma parte do STEM Bach levará a cabo as actividades correspondentes ao seu primeiro ano de participación en dito proxecto.

Por outra banda, déixase aberta a posibilidade de participación nalgunha das actividades listadas, sendo a temporalización orientativa.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Secuenciáronse e temporalizáronse adecuadamente as unidades didácticas e o traballo diario?
O desenvolvemento do curso respondeu á secuenciación e temporalización programada?
Engadiuse algún contido non previsto á programación?
Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?
O grao mínimo de consecución de cada CA para superar a materia foi axeitado?
As actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes están vinculados aos CA?
Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?
Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso?
Metodoloxía empregada
Os instrumentos para a avaliación de cada CA foron os axeitados?
Ao traballar os CA desenvolvéronse os elementos transversais?
Aplicouse a metodoloxía didáctica acordada a nivel de organización, recursos didácticos, etc.?
A avaliación inicial resultou de utilidade?
Os criterios para a recuperación das avaliacións foron os axeitados?
Os criterios para a avaliación final foron os axeitados?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Foron adecuados os materiais didácticos utilizados?
O libro de texto ou libro dixital é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?
Informouse ao alumnado sobre criterios de avaliación e instrumentos?
Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?

### Descrición:

Un dos aspectos fundamentais do traballo docente debe ser a revisión, avaliación e, cando sexa preciso, modificación da Programación Didáctica, co obxectivo de melloralas e adaptar cada curso á realidade, dado que un curso escolar non é igual ao seguinte, traballamos con grupos-clase distintos e diversos, o calendario escolar pode ter modificacións e poden darse situacións excepcionais.

Ao longo do trimestre faremos un seguimento da evolución do noso traballo, comparando a evolución temporal coa programada, a adecuación da metodoloxía, estratexias, actividades, etc... e ao remate do trimestre en reunión de departamento procederemos a unha posta en común dese seguimento procedendo, en caso de precisarse, ás adaptacións que nos permitan mellorar o noso traballo e por conseguinte os resultados do alumnado.

Á hora de avaliar o cumprimento da programación debemos considerar dita serie de indicadores de logro que teñan en conta como mínimo os seguintes elementos: obxectivos, contidos, CA, contribución aos obxectivos xerais da etapa, contribución ao desenvolvemento das competencias clave, procedementos e instrumentos de avaliación, factores que favoreceron o cumprimento da programación, causas de non cumprimento, reflexión sobre as posibles situacións imprevistas acontecidas ao longo do curso e propostas de mellora.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

En cada reunión de departamento irase levando a cabo un seguimento da programación (temporalización, desenvolvemento efectivo das sesións, recursos dispoñibles e o seu aproveitamento por parte do alumnado, así como outros aspectos recollidos nos indicadores de logro do subapartado anterior), valorando posibles cambios a adoptar. De ser o caso, ditos cambios ou propostas de mellora quedarán reflectidos nas actas do departamento.

## **9. Outros apartados**